

## ¡Guerra, nunca máis!



A Educación para a Paz ten sido un dos sinais de identidade de *Nova Escola Galega* desde o mesmo inicio da fundación da Asociación en 1983 a través de seu grupo de traballo Educadores/as pola Paz (primeiro grupo ou colectivo que se constitúe en Galicia para traballar especificamente a Educación para a paz). Nestes momentos difíciles de guerra, de cinismo, de ruptura do ordenamento internacional, etc., *Nova Escola Galega* quere facer unha nova chamada ao profesorado galego para que redobre os seus esforzos de educar as futuras xeracións nos principios dunha cultura de paz, da resolución non violenta dos conflitos, na profundización nos valores e principios dunha cultura democrática, e, consecuentemente, no rexeitamento desta guerra.

Esta guerra de EE.UU a Iraque non foi unha decisión que se adoptara no ámbito das Nacións Unidas nin no marco do Dereito Internacional; tampouco é unha guerra en lexítima defensa. Polo contrario, esta guerra é un eslabón máis da política unilateral que está a impor a actual administración norteamericana co apoio, entre outros, do goberno español do Sr. Aznar e o apoio unánime do seu grupo parlamentario. Política unilateral que certamente non foi inventada por esta administración aínda que é ben claro que está a ser relanzada con gran forza desde os atentados do 11-S de 2001. Unilateralismo norteamericano que supón unha forma de encarar a política desde unha perspectiva altamente problemática e conflictiva para a convivencia pacífica entre as nacións. Unilateralismo que leva consigo a recuperación da ideoloxía dual e maniquea da guerra fría, "nós, os bos" fronte o "Imperio do Mal", antes o malvado comunismo agora o islam, o terrorismo musulmán e mesmo o musulmán. Esta simplificación e dualización da sociedade, "os que non están comigo, están contra min", é un esquema coñecido e sufrido en varias partes do mundo, tamén en España, e constitúe un dos peores escenarios aos que se pode chegar para resolver un conflito.




Familiares e veciños evacúan un neno iraquí ferido nun bombardeo aliado.

Ademais do noso traballo nas aulas, de participar nas numerosas manifestacións en contra da guerra ou a través da publicación de diferentes artigos de membros do colectivo de Educadores/a pola Paz en xornais e revistas, unha iniciativa que está tomando forza é o **Manifesto pola Paz e contra a guerra** impulsada polos centros de



Vigo participantes no Programa educativo municipal *Aprender a convivir* ([www.aprenderaconvivir.org](http://www.aprenderaconvivir.org)) -Programa que se está a desenvolver na cidade olívica desde o ano 2000 a iniciativa e coordinación de Educadores/as pola Paz-Nova Escola Galega-. Desde este NEG Opina queremos solicitar a tódolos centros de Galicia e do resto do mundo que se sumen a este Manifesto que reproducimos nestas páxinas como forma de rexeitar a guerra.



Un soldado aliado retrátase cun prisioneiro iraquí

Esta medida toma aínda máis valor a raíz da circular da Consellería de educación da Xunta de Galicia "sobre publicidade e propaganda nos centros educativos" (asinada polo Director Xeral de Centros e Ordenación Educativa o día 12 de marzo) na que pide aos directores que deberán coidar "de que os taboleiros de anuncios e demais instalacións dos mesmos, sexan utilizados exclusivamente para fins propios do servizo público docente" e declara "ilegal que un centro docente recabe, recolla ou emita, por calquera medio ou procedemento -resolución, acordo, asemblea, consulta, votación, "referendum" ou similar-, declaracións ou manifestacións de coñecemento, xuízo ou vontade sobre cuestións alleas ó ámbito que competencialmente lle é propio".

É realmente todo un documento atentatorio aos dereitos constitucionais de liberdade de expresión e liberdade de cátedra, así como claramente contradictorio co propio currículo en vigor aprobado pola Xunta de Galicia no que se recolle nos seus obxectivos e contidos transversais a educación para a paz. Agás que a Consellería considere como "publicidade e propaganda" o tratamento didáctico da análise das causas e consecuencias do *Prestige* e máis da guerra. Como os carteis, conferencias, pronunciamentos, traballos, etc. en torno a estes temas forman parte das actividades educativas é obvio que esta circular cae polo seu propio peso e non debe afectar o máis mínimo o noso traballo nas aulas. En todo caso *Nova Escola Galega* esixe a retirada inmediata desta orde.

*Nova Escola Galega* celebra o exercicio de cidadanía democrática e de compromiso a favor da paz expresada por miles de galegos e galegas, así como de millóns de persoas en todo o mundo, nas multitudinarias manifestacións en contra da guerra. Cando a pesar do control da maior parte dos medios de comunicación públicos e privados, do intento continuado de querer deseducar o conxunto da poboación nos valores dunha cultura de paz, de contemplar atónitos o proceso de institucionalización da mentira como práctica rutinaria e perversa da política, cando a pesar, dicímonos, deste tipo de estratexias se produce a espectacular e histórica resposta cidadá en contra da guerra é obvio que hai razóns fundadas para a esperanza, aínda que a paisaxe estea tinguida de tonalidades turbulentas e ameazadoras.





¡EDUQUEMOS PARA A PAZ E ASINEMOS O MANIFESTO DOS  
CENTROS EDUCATIVOS POLA PAZ E CONTRA A GUERRA!



## MANIFESTO POLA PAZ E CONTRA A GUERRA

O noso centro, diante da guerra de EE.UU contra o Iraque, co apoio entre outros do goberno español; subscribe o presente Manifesto para facer chegar á súa comunidade educativa en particular e á opinión pública en xeral a nosa firme determinación de seguir educando as futuras xeracións nos valores dunha cultura de paz, e amosando o noso rexeitamento a esta guerra polas seguintes consideracións:

Consideramos que non se ten producido ningunha situación que se contemple na Carta das Nacións Unidas nin no Dereito Internacional para declarar a guerra a outro país, nin se ten probado que Iraque sexa unha ameaza para a seguridade internacional nin que teña ningunha conexión co terrorismo internacional. En todo caso condeamos o terrorismo en tódalas súas formas.

Consideramos que estar en contra desta guerra non significa apoiar o dictador Sadam Husein. Este réxime, como a maioría dos que existen na zona, vulnera brutalmente as liberdades fundamentais e os dereitos humanos, polo que as NN.UU. deberían deseñar unha política global para a rexión baseada na seguridade mutua, na eliminación de tódalas armas de destrución masiva e no respecto aos dereitos humanos.

Proclamamos o principio universal de que ningunha nación pode atacar unilateralmente a outra, máxime cando non supón ningunha ameaza para a súa seguridade, polo que rexeitamos frontalmente a estratexia da guerra preventiva.

Proclamamos que o Consello de Seguridade das Nacións Unidas debe exercer as estratexias necesarias para buscar os obxectivos para o que foi creado, a resolución pacífica das controversias entre as nacións, e non para ser utilizado como pantalla para encubrir unha guerra inxusta, cínica, hipócrita e inmoral.

Rexeitamos o bloqueo a Iraque polas graves consecuencias para a súa poboación. Como ten informado a UNICEF diariamente morren en Iraque 5.000 nenos/as por falta de medicinas, desnutrición e falta de coidados médicos, e as NN.UU. calculan nun millón de persoas mortas desde a imposición do embargo. Unha nova guerra a Iraque agudizaría o sufrimento das persoas máis desfavorecidas.

A guerra debe ser tamén evitada porque contradí os principios básicos da resolución non violenta dos conflitos, da democracia e da moral.

Como educadoras e educadores comprometidos co benestar das futuras xeracións estamos convencidos de que outro mundo é posible. Educar para a paz e na esperanza dun mundo máis xusto, democrático e pacífico forma parte da nosa máis xenuína tarefa profesional. Como fixeron outros sectores profesionais, queremos dar exemplo a favor da paz e en contra das guerras, polo que cuestionamos a utilización da ciencia para fins militares e o crecente aumento en gastos militares e na investigación militar.

Solicitamos ao goberno español e ás Nacións Unidas que aproben un programa de desarme para tódalas nacións que teñen armas de destrución masiva, polo perigo que representan para a seguridade mundial, tal como se está a sinalar nestes días.

A historia ensínanos que a maior parte das guerras son decididas por unha minoría que busca a súa gañancia -neste caso o petróleo, o control xeoestratéxico da zona e determinadas razóns de política interna norteamericana-, pero son sufridas pola maioría da poboación. Por iso a maioría da poboación que estamos en contra da guerra debemos seguir resistindo a propaganda militarista e seguir presionando as nosas autoridades para obrígalas a parar esta guerra e tódalas guerras. ¡Guerra, nunca máis!

Galicia, 1 de abril de 2003



**CENTROS DO PROGRAMA ASINANTES DO MANIFESTO:**

CEP Igrexa-Valadares; CEIP Coutada-Beade; CEIP Frián-Teis; CEIP Santa Tegra; CEIP Alfonso R. Castelao; CEIP Seis do Nadal; CEIP Doblada; CEIP Balaídos; CEIP Ría de Vigo; CEIP Javier Sensat; CEIP Virxe do Rocío; Colexio M<sup>a</sup> Auxiliadora-Salesianos; Colexio M<sup>a</sup> Inmaculada; Colexio Miralba-Xesuitinas; Colexio San Juan Bosco; Colexio Santa Vedruna; Colexio Rosalía de Castro; Fogar e Clínica San Rafael; IES Beade; IES Teis; IES Valentín Paz Andrade.

**OUTROS CENTROS ASINANTES:** Ademais destes centros xa se teñen recibido adhesións de outros centros de Galicia, España, Italia, Brasil, etc.

**OS NOVOS CENTROS QUE ASINEN O MANIFESTO** deben comunicalo por correo-e ou fax ao Instituto Municipal de Educación (IME) de Vigo nas seguintes direccións:

**Correo-e:** [ime@vigo.org](mailto:ime@vigo.org)  
**Fax:** 986 2078 64

Ademais de aprobar o Manifesto tamén solicitamos que o repartades a tódolos membros da vosa comunidade educativa. Igualmente estamos sometendo o contido do Manifesto ás corporacións locais en onde residimos para que se pronuncien ao respecto.



**WEBS SOBRE A GUERRA**

- Campaña contra a guerra actúa (AI, Intermón Greenpeace, MSF): [www.anelaguerraactua.org](http://www.anelaguerraactua.org)
- Campaña No a la guerra: [www.noalaguerra.org](http://www.noalaguerra.org)
- Cultura contra la guerra: [www.culturacontralaguerra.org](http://www.culturacontralaguerra.org)
- ACSUR-Las Segovias: [www.acsur.org/Nodo 50](http://www.acsur.org/Nodo_50)
- Contrainformación en red: [www.nodo50.org](http://www.nodo50.org)
- Comité de solidaridad con la causa árabe: [www.nodo50.org/csca](http://www.nodo50.org/csca)
- Fundació per la Pau: [www.fundacioperlapau.org/irag](http://www.fundacioperlapau.org/irag)
- Centro de Información de las Naciones Unidas para España: [www.onu.org/](http://www.onu.org/)
- Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional (IGADI): [www.igadi.org](http://www.igadi.org)
- Centro de Investigación para la Paz (CIP-FUHE): [http://www.fuhem.es/crisis\\_irak/](http://www.fuhem.es/crisis_irak/)
- Fotógrafos contra la guerra: [www.fotografoscontralaguerra.org](http://www.fotografoscontralaguerra.org)
- International Answer: [www.internationalanswer.org](http://www.internationalanswer.org)
- End the War: [www.endthewar.org](http://www.endthewar.org)
- Moveon: [www.moveon.org](http://www.moveon.org)
- Global Security: [www.globalsecurity.org](http://www.globalsecurity.org)
- International Association of Lawyers Against Nuclear Arms: [www.lcn.org/global/LawyersandJuristsAppeal.htm](http://www.lcn.org/global/LawyersandJuristsAppeal.htm)
- Movimiento ATTAC-Madrid: [www.attacmadrid.org](http://www.attacmadrid.org) [www.web.attac.org](http://www.web.attac.org)





A dixitalización destes documentos foi posible grazas á axuda concedida a Nova escola Galega da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica (Consellería de Industria - Xunta de Galicia), do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, así como do Plan Avanza e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), ao abeiro da *Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das subvencións destinadas a entidades de dereito público e privado, sen ánimo de lucro, para impulsar a realización de actuacións de difusión e formación relacionadas especificamente co desenvolvemento e implantación da sociedade da información na Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do Plan Estratégico Galego da Sociedade da Información e o Plan Avanza, e se procede á súa convocatoria para 2009 (código procedemento IN521C)*

As publicacións están dispoñibles baixo unha licenza Recoñecemento-Non comercial-Compartir baixo a mesma licenza 3.0 España de Creative Commons que reza:

Vostede é libre de:

- Copiar, distribuír, exhibir e executar a obra.
- Facer obras derivadas.

Baixo as seguintes condicións:

- Vostede debe atribuír a obra na forma especificada polo autor ou o licenciante. Isto quere dicir que tanto os textos como as imaxes da Web poden ser utilizados por calquera, sempre que se cite a súa orixe, sempre que non se obteña un beneficio económico directo ou indirecto dese uso, e sempre que se inclúa no produto resultante a mesma licenza CC-NEG.

